

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as empresas Hotusa Hotel, S.A. e Restel, S.A., para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas

Santiago de Compostela, 19 de maio de dous mil dezasete

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta consellería e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra, don _____, como administrador único da compañía mercantil Hotusa Hotels, S.A. e tamén como representante da compañía mercantil Cesio Hotels, S.L.U., administradora única de Restel, S.A. (Grupo Hotusa), segundo consta nos poderes outorgados ante o notario _____, o _____, con número de protocolo _____, e _____, con número de protocolo _____, respectivamente.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 39 que a formación profesional no sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poden producir ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía

democrática, e permitir a súa progresión no sistema educativo e no sistema de formación profesional para o emprego, así como a aprendizaxe ao longo da vida.

2º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 42 bis que a formación profesional dual do sistema educativo español é o conxunto de accións e iniciativas formativas que, en corresponsabilidade coas empresas, teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo.

3º. Que a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, especifica nos artigos 6 e 11.3 que a colaboración das empresas no desenvolvemento do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional se desenvolverá, entre outros ámbitos, mediante a súa participación na formación do alumnado nos centros de traballo, favorecendo a realización de prácticas profesionais dos alumnos e das alumnas nas empresas e noutras entidades, e deberán establecerse os mecanismos axeitados para que a formación que reciba financiamento público poida ofrecerse por centros ou directamente polas empresas, mediante concertos, convenios, subvencións ou outros procedementos.

4º. Que a disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras, a posibilidade de impartir módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais, así como a actualización profesional. Esta colaboración formalizarase mediante convenio.

5º. Que o Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, pretende crear as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe nas empresas e no centro de formación,

propiciando unha participación máis activa das empresas no propio proceso formativo do alumnado e, daquela, permitir que estas coñezan de xeito máis próximo a formación que reciben, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas. Neste sentido, as empresas e o centro de formación profesional estreitan os seus vínculos, unen esforzos e favorecen unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación.

Así mesmo, establece que terán a consideración de formación profesional dual os proxectos desenvolvidos no ámbito do sistema educativo, coa coparticipación dos centros educativos e das empresas, cando non medie un contrato para a formación e a aprendizaxe. Estes proxectos formalizaranse a través dun convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as empresas colaboradoras.

6º. Que as empresas Hotusa Hotel, S.A e Restel, S.A., en adiante “as empresas asinantes”, están dispostas a participar no proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia, acolléndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012, na que as empresas facilitan aos centros de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos. A aplicación do convenio será extensible ao resto de empresas do grupo Hotusa.

O alumnado participante será beneficiario de bolsas, non terá en ningún caso vinculación laboral coas empresas e non poderá establecerse entre estas e aquel ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación e a aprendizaxe, previsto no artigo 11 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

7º. Que o obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as empresas asinantes para a implantación de proxectos experimentais de formación profesional dual na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións das empresas asinantes e no IES Val do Asma.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Este proxecto de formación profesional, que é de carácter experimental, ten as seguintes características:

- a. Este proxecto toma como referencia un currículo oficial implantado na Comunidade Autónoma de Galicia, neste caso concreto o establecido no Decreto 172/2010, do 23 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Axencias de Viaxe e Xestión de Eventos.
- b. O proxecto desenvolverase entre o 15 de setembro de 2017 e o 15 de setembro de 2019.
- c. A formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e as empresas asinantes, garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos no currículo do ciclo formativo correspondente e a obtención do título de técnico superior.
- d. Ademais, atendendo ás características das empresas, o primeiro ano de vixencia destes proxectos dedicarase ata un 10 % do tempo de estadía do alumnado na empresa á formación complementaria á establecida nos currículos dos ciclos formativos correspondentes, para reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade. No segundo ano, esta porcentaxe será de ata o 5 %.

Segunda. As concrecións do proxecto experimental de formación profesional dual para o ciclo formativo (distribución da formación curricular do ciclo formativo, distribución global do proxecto, temporalización dos módulos profesionais e adquisición, por parte do alumnado, de cualificacións e unidades de competencia) están recollidas no anexo deste convenio.

Terceira. As empresas asinantes comprométense a acoller nas súas instalacións un mínimo de 15 alumnos e alumnas para este proxecto experimental de formación profesional dual. Este alumnado deberá cumprir os requisitos de admisión establecidos na orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que autorice estes proxectos experimentais de formación profesional dual.

Co fin de seleccionar as persoas candidatas que mellor se adapten ás características da actividade propia das empresas, as empresas asinantes, a partir da listaxe de alumnado solicitante facilitada

polos centros educativos, seleccionarán os alumnos e as alumnas que formarán parte do proxecto experimental de formación profesional dual obxecto deste convenio.

Nos correspondentes procesos de selección estará presente unha persoa representante do centro educativo, e poderán realizarse entrevistas psicoprofesionais, probas de coñecementos e entrevistas. En calquera caso, as empresas comunicarán ao alumnado os criterios e os procedementos que se empreguen con anterioridade á súa realización.

Cuarta. As empresas asinantes comprométense a financiar o proxecto de formación regulado neste convenio, mediante o establecemento dun sistema de bolsas dirixido ao alumnado participante.

Este réxime de bolsas estará suxeito ás seguintes especificidades:

- a. As empresas asinantes achegarán a cada alumno ou alumna, en períodos mensuais con carácter irrevogable, unha bolsa por importe mínimo de 500 euros, durante a súa estadía nas empresas. Tomando como referencia este importe, o resto dos meses o importe calcularase de forma proporcional ao tempo que o alumno ou alumna dedique á actividade profesionalizadora nas empresas.
- b. O importe das bolsas deberá facerse efectivo mediante ingresos que, con periodicidade mensual, serán realizados no número de conta bancaria que cada alumno ou alumna comuniquen para tal efecto ás empresas.
- c. Os alumnos e as alumnas participantes no proxecto de formación obxecto deste convenio serán incorporados ao réxime xeral da Seguridade Social. A conseguinte afiliación e/ou alta, así como a baixa no devandito réxime, produciranse a partir da data de inicio e na de cesamento do programa de formación, nos termos, nos prazos e cos efectos establecidos no regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.
- d. Para a efectividade do réxime de bolsas, as empresas colaboradoras e as persoas bolseiras deberán cumprir sempre os requisitos establecidos na normativa que regula o proxecto de formación profesional dual e neste convenio.

Quinta. Durante cada un dos cursos do proxecto, o alumnado adquirirá formación no centro educativo segundo a temporización recollida no anexo deste convenio, e no horario lectivo que se estableza.

Sexta. A estadia do alumnado na empresa axustarase á temporalización recollida no anexo deste convenio. Durante o período formativo na empresa, o horario da actividade formativa e profesionalizadora deberá desenvolverse dentro do marco temporal do horario laboral da empresa, reservándose ata un máximo de catro horas cada quincena para a recepción do alumnado no centro educativo por parte do titor ou da titora, na que se realizarán actividades de seguimento, asesoramento e apoio.

Sétima. O alumnado deste proxecto disporá dun mínimo de trinta días naturais de vacacións en cada un dos cursos de duración do proxecto.

Oitava. Consonte o artigo 30.5 do Real decreto 1592/2012, do 8 de novembro, a actividade formativa nas empresas e no centro educativo coordinarase mediante reunións mensuais de control nas que se fará seguimento do alumnado.

Cada unha das empresas asinantes nomeará unha persoa como titor ou titora do alumno ou da alumna, que será responsable do seguimento da actividade formativa, da coordinación da actividade profesionalizadora coa actividade formativa e da comunicación co centro de formación.

Así mesmo, o centro formativo designará un profesor ou profesora, ou formador ou formadora, como titor ou titora responsable da programación e do seguimento da formación, así como da coordinación da avaliación co profesorado e/ou os titores e as titoras que interveñen. Ademais, esta persoa será a interlocutora coas empresas para o desenvolvemento do proxecto.

Novena. Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando o considere oportuno calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída polos seguintes membros:

En representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Formación Profesional ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da dirección do IES Val do Asma ou persoa en quen delegue.

Unha persoa representante de cada unha das empresas asinantes.

Un funcionario ou unha funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria actuará como secretario ou secretaria.

Décima. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Décimo primeira. Este convenio extinguirase pola finalización do tempo convindo e poderase resolver por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar á outra cunha antelación mínima de quince días, baseada nalgunha das seguintes causas:

- a. Cesamento das actividades do centro docente ou da empresa.
- b. Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- c. Incumprimento das cláusulas establecidas neste convenio.
- d. Mutuo acordo entre o centro docente e a empresa.

Décimo segunda. A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo terceira. A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo cuarta. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 4.1 e 2 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a citada lei orgánica, nin o alumnado nin as empresas que por razón das actividades formativas teñan acceso a datos de carácter persoal disporán destes con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Lido este convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.

**O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria**

**O representante das empresas Hotusa
Hotel, S.A e Restel, S.A.**

Asdo.: Román Rodríguez González

Asdo.: _____

1. ANEXO

1.1 Distribución da formación curricular do ciclo formativo de grao superior de Axencias de Viaxe e Xestión de Eventos

Duración proxecto			Curso 2017-2018	Curso 2018-2019	FCT + Proxecto
Formación curricular	Centro educativo	Formación centro educativo (58 %)	627	535	-
	Empresa	Formación en empresa (42 %)	173	255	410
Total			2.000 h		

FCT: formación en centros de traballo.

1.2 Temporalización dos módulos profesionais

1.2.1 Curso 2017-2018

1.2.1.1 Planificación

Curso 2017 - 2018												
Set.	Out.	Nov.	Dec.	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Maio	Xuño	Xullo	Ago.	Set.
Formación no centro educativo (FCE).						Actividade profesionalizadora / formación na empresa (FEM).						

1.2.1.2 Organización dos módulos profesionais

Código módulo	Módulo	Horas totais módulo	FCE	FEM
MP0171	Estrutura do mercado turístico	133	60	73
MP0179	Inglés	160	140	20
MP0383	Destinos turísticos	213	170	43
MP0384	Recursos turísticos	187	187	0
MP0401	Formación e orientación laboral	107	70	37
TOTAL		800	627	173



1.2.2 Curso 2018-2019

1.2.2.1 Planificación

Curso 2018 - 2019												
Set.	Out.	Nov.	Dec.	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Maio	Xuño	Xullo	Ago.	Set.
	Formación no centro educativo (FCE).					Actividade profesionalizadora / formación na empresa (FEM).						

1.2.2.2 Organización dos módulos profesionais

Código módulo	Nome módulo	Horas totais módulo	FCE	FEM
MP0172	Protocolo e relacións públicas	105	70	35
MP0173	Márketing turístico	160	110	50
MP0180	Segunda lingua estranxeira	157	137	20
MP0397	Xestión de produtos turísticos	105	85	20
MP0398	Venda de servizos turísticos	123	63	60
MP0399	Dirección de entidades de intermediación turística	87	35	52
MP0402	Empresa e iniciativa emprendedora	53	35	18
TOTAL		790	535	255

1.3 Adquisición, por parte do alumnado, de cualificacións e unidades de competencia

Cualificacións profesionais completas

▪ Venda de servizos e produtos turísticos, HOT095_3 (Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:
– UC0266_3: Vender servizos turísticos e viaxes.
– UC0267_2: Desenvolver a xestión económico-administrativa de axencias de viaxes.
– UC0268_3: Xestionar unidades de información e distribución turísticas.
– UC1057_2: Comunicarse en inglés, cun nivel de usuario independente, nas actividades turísticas.
▪ Creación e xestión de viaxes combinadas e eventos, HOT330_3 (Real decreto 1700/2007, do 14 de decembro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:
– UC1055_3: Elaborar e operar viaxes combinadas, excursións e traslados.
– UC1056_3: Xestionar eventos.
– UC1057_2: Comunicarse en inglés, cun nivel de usuario independente, nas actividades turísticas.
– UC0268_3: Xestionar unidades de información e distribución turísticas.

Cualificacións profesionais incompletas

▪ Promoción turística local e información a visitantes, HOT0336_3 (Real decreto 1700/2007, do 14 de decembro).
– UC0268_3: Xestionar unidades de información e distribución turísticas.
– UC1057_2: Comunicarse en inglés, cun nivel de usuario independente, nas actividades turísticas.
– UC1074_3: Xestionar información turística.
▪ Guía de turistas e visitantes, HOT335_3 (Real decreto 1700/2007, do 14 de decembro).
– UC1069_3: Interpretar o patrimonio e os bens de interese cultural do ámbito de actuación a turistas e visitantes.
– UC1070_3: Interpretar espazos naturais e outros bens de interese natural do ámbito de actuación a turistas e visitantes.
– UC1072_3: Comunicarse en inglés, cun nivel de usuario competente, nos servizos turísticos de guía e animación.
– UC1073_3: Comunicarse nunha lingua estranxeira distinta do inglés, cun nivel de usuario competente, nos servizos turísticos de guía e animación.